

MARÍA TERESA ACUÑA RODRÍGUEZ

Comunicación e discapacidade

Unha realidade desenfocada

*Communication and disability
An out of focus reality*

Resumo: A Comunicación nos últimos anos foise configurando como un ámbito de actividade fundamental tanto para o sector privado como para as Administracións públicas e as Entidades sen ánimo de lucro. Os profesionais do xornalismo sofren a ausencia dun proceso de capacitación para a cobertura da pauta relacionada coa discapacidade. Esta lagoa ten a súa orixe, por unha banda, nun currículo desfasado da grande maioría de facultades de comunicación e que se nutre da falta de interese das empresas; pero tamén, e sobre todo, porque a comunicación engloba hoxe en día actividades e funcións moi diversas, que pode desempeñar dende un xornalista ata un analista de mercados ou incluso un deseñador gráfico. Ditos factores contribúen de forma marcada a impulsar o engranaxe da exclusión que envolve ás persoas con discapacidade. O grande desafío está en que a prensa tome conciencia da necesidade de evitar enfoques superficiais sobre o tema da Discapacidade. Existe a necesidade de artellar esforzos para capacitar a periodistas no senso de evitar que discriminen da axenda das súas reportaxes ás persoas con discapacidade, recoñecendo a urxencia desta pauta.

Palabras-clave: Sociedade inclusiva; participación activa; actualización da linguaxe; proceso de capacitación; liñas editoriais concienciadas.

Abstract: During the last years communication has been shaped as a fundamental area both for the private sector as for state administration and non-profit-making organizations. Journalism professionals suffer from the absence of a capacitation process to work on subjects related to disabilities. This lacuna has its origin, on the one side, in a behind the times curricula in most media studies faculties, fuelled by companies interests. On the other side, and mainly, because communication embraces today a range of different functions, that can be implemented by journalists, market analysts or art designers. These factors contribute greatly to drive the mechanism of social exclusion affecting disabled people. The great challenge is that the media may take awareness of the need to avoid superficial interpretations of disability. There is the need to develop efforts to qualify journalists in such way that people with disabilities are not discriminated from their coverage agenda, recognizing the urgency of this action.

Keywords: Inclusive society; active participation; language actualization; qualification process; awareness and editorial guidelines.

Estamos a ver como os tradicionais gabinetes de prensa dan lugar a departamentos de comunicación, con competencias máis amplas; e tamén estamos a ver como os departamentos de marketing promocional das empresas, ou de publicidade, se desprenden das connotacións máis negativas do seu nome adoptando un cualificativo máis amable como é o de comunicación.

Os profesionais do xornalismo sofren a ausencia dun proceso de capacitación para a cobertura da pauta relacionada coa discapacidade. Esta lagoa ten a súa orixe, por unha banda, nun currículo desfasado da grande maioría de facultades de comunicación e que se nutre da falta de interese das empresas; pero tamén debemos de considerar o feito de que a práctica profesional no noso país foi por diante da formación universitaria e non existen aínda nas facultades españolas estudos ben definidos sobre xestión da comunicación en entidades de diverso tipo (públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro). Pero tamén, e sobre todo, porque a comunicación engloba hoxe en día actividades e funcións moi diversas, que pode desempeñar dende un xornalista ata un analista de mercados ou incluso un deseñador gráfico. Ditos factores contribúen de forma marcada a impulsar o engraxe da exclusión que envolve ás persoas con discapacidade.

Esto non significa que falten exemplos de bo xornalismo social na prensa. O problema é que na maior parte dos casos, estes produtos xornalísticos son máis ben o resultado de esforzos individuais que de liñas editoriais consolidadas.

Para que a prensa desempeñe con eficiencia o rol que lle corresponde no proceso de construción dun país menos vulnerable ás inxustizas sociais, será necesario, polo tanto, que se cristalice unha cultura xornalística suficientemente madura para pensar nos temas inherentes ao desenvolvemento humano e á inclusión social como enfoque transversal á cobertura ofrecida a todas as grandes temáticas nacionais.

Cabe recordar, aínda, que os profesionais da prensa, eses actores sociais, gobernamentais, do sector privado ou da sociedade civil, son considerados como principais personaxes no proceso de democratización e de cualificación da información.

Necesitamos recordar aquí, que os dereitos á educación, á saúde, á convivencia social,... están asegurados pola Constitución Española, e aplícanse a cada un dos cidadáns deste país. Esta quizais sexa a clave: as persoas con discapacidade son cidadáns de pleno dereito e, polo tanto, deben ser considerados como tales.

Os xornalistas teñen moitas dúbidas sobre como abordar as temáticas asociadas á Discapacidade nos seus artigos, reportaxes, editoriais, novas, ... tal vez por iso o eviten en canto xurde a oportunidade. Cometem erros serios, pero teñen con quen dividir esta responsabilidade: cas súas fontes.

O grande desafío está en que a prensa tome conciencia da necesidade de evitar enfoques superficiais sobre o tema da Discapacidade. Existe a necesidade de artellar esforzos para capacitar a periodistas no senso de evitar que discriminen da axenda das súas reportaxes ás persoas con discapacidade, recoñecendo a urxencia desta pauta.

As grandes pautas nacen dos intereses e da visión crítica que o profesional da comunicación ten, ou desenvolve, en relación ao asunto no proceso mesmo da elaboración do texto xornalístico, aínda que non sexa un experto no tema.

Nas redaccións xornalísticas, algúns temas destácanse e o xornalista é usualmente estimulado, de varias formas, a expandir o seu nivel de información e de reflexión sobre eles. Son casos nos que a demanda por un xornalismo máis comprometido ven da sociedade que prestixia e valoriza unha postura pro activa dos medios de comunicación. Tamén debemos considerar que non todas as denuncias provocan a mesma conmoción, nin cando se refiren a dereitos previstos e amparados pola Constitución.

Dunha forma simplista, no imaxinario social, as familias deben aceptar a carga de ter que lidar por tempo indeterminado cun familiar que non ve, non escoita, non camiña, non consegue aprender a ler nin a facer contas matemáticas como a maioría da poboación que ten acceso adaptado á educación. É de xeito simplista e, polo tanto, tráxico, como parte da sociedade enfronta o feito de que algunhas persoas ao seu carón teñan discapacidade. Os medios de comunicación reproduciron con moita eficiencia este pensamento que ten que ser evitado para sempre dos debates que inclúan á discapacidade. Esta postura tradúcese na falta de valorización da discapacidade como de utilidade e de interese público, o que consecuentemente, provoca un empobrecemento dos textos publicados con este enfoque nos xornais. O mesmo problema atínxe ao proceso de elaboración das reportaxes difundidas tanto en radio como en televisión.

- Por que nos medios se reflicte a discapacidade dende unha óptica asistencialista?
- Por que en moitas ocasión a discapacidade vai ligada os contidos de sucesos?
- Por que non se reflicte a discapacidade dende un prisma de normalidade?

- Por que non se presenta a discapacidade como un elemento máis da diversidade?

Os dereitos das persoas con discapacidade avanzaron dende unha práctica de segregación ao modelo de integración, para agora chegar ao concepto de sociedade inclusiva. O primeiro paso no senso de cualificar a cobertura dos temas relacionados coas persoas con discapacidade implica un cambio de paradigmas. Romper co enfoque da discapacidade vinculada ao concepto de asistencia pasiva e substituílo por conceptos de integración e de participación activa na vida económica e social. Así pois, a acción orientárase cara o recoñecemento e a protección dos dereitos das persoas con discapacidade. É imprescindible que os xornalistas coñezan o concepto de sociedade inclusiva, termo amparado pola Constitución e por varios tratados internacionais. Este paradigma aínda permanece ausente na cobertura xornalística. A historia dos conceptos que guiaron os dereitos das persoas con discapacidade podería ser sintetizada en tres momentos: a política de segregación, a política de integración e unha política de sociedade inclusiva. Durante moitos séculos, as persoas con discapacidade eran consideradas “inválidas” e socialmente inútiles. Neste contexto de case barbarie, a política de segregación formulada a finais do século XIX e aplicada ata a década dos 40, impondo o internamento definitivo en institucións pechadas, representou un progreso humanitario. A reacción contra a política de segregación institucional viría co denominado movemento de integración, que propón a adaptación das persoas con discapacidade ao medio social. Pero a partir de la década dos 80, comeza a crecer unha inquietude contra os límites da integración, que gaña forma no concepto de sociedade inclusiva e convértese nun principio da política de dereitos humanos de organismos internacionais e en dereitos amparados pola Constitución.

Pero aínda cando existe o interese e o desexo de realizar unha axeitada cobertura, os xornalistas atópanse ca desinformación sobre aspectos educacionais, xurídicos, técnicos, médicos, éticos e incluso políticos. Non existe grande preocupación en divulgar servizos relacionados coa mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade. Por que senon as novas relacionadas coa discapacidade, cando parten dalgunha ONG do ámbito da discapacidade, ocupan espazos pouco visibles nos xornais? Hai que engadir que case sempre o punto de partida dos medios de comunicación depende de eventos organizados por grandes entidades ou da axenda de organismos oficiais.

Outro dos elementos básicos para o avance en materia de discapacidade é a actualización da linguaxe. Polo tanto, os xornalistas deberían desbotar do seu léxico expresións desfasadas como “suxeitos que sofren, padecen ou están afectados por...”, e referirnos SEMPRE ao termo per-

soas: PERSOAS CON... Deben rexeitar termos como: retrasados, diminuídos, deficientes, subnormais, paralíticos, minusválidos, inválidos, impedidos,... En definitiva, evitar a terminoloxía con connotación negativa. Deste xeito non só estarían a normalizar a linguaxe, senón tamén os valores cara a vida.

Para que as leis saían do papel e se materialicen é fundamental a mobilización dos máis diversos sectores da sociedade. Aí radica o papel central dos xornalistas, capaces de promover un amplo debate, co obxectivo de conseguir que se vexa as persoas con discapacidade sinxelamente como "persoas sen etiquetas".

BIBLIOGRAFÍA

Vivarta, Veet, Coord. (2003). *Mídia e deficiência*. Brasília: Agência de Notícias dos Direitos da Infância; Fundação Banco do Brasil.

Hildegart González, Luis (2006). *Estrategias de comunicación en las ONG de desarrollo. Departamentos, funciones e impacto en los medios*. Madrid: CI-DEAL- Fundación Asistencia Técnica para el Desarrollo (ATD).

•

María Teresa Acuña Rodríguez é Licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela e traballa no Departamento de Comunicación da Confederación Galega de Minusválidos. E-mail: maria.t.a.r@cogami.es.